

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 23/12/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 10:00 do día 23/12/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de novembro de 2024.

3. Exame, e toma de decisión sobre as reclamacións presentadas e sobre a proposta da Alcaldía en relación coa aprobación definitiva das Ordenanzas Fiscais II.10, Reguladora da taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais e I.3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

4. Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle para a ordenación de volumes na Avda. Rodrigo de Mendoza, esquina Rúa Ramón Cabanillas.

5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego, relativa á protección do antigo Asilo Hospitalillo de Vila Janer.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para mellora do mantemento e conservación das zonas verdes do Concello.

8. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno. 9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia. 10. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior. 11. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal. 12. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 25 DE NOVIEMBRE DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 25 de novembro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202421223&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

2 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
2 Nomeamento letrados recurso contencioso administrativo
5 Expediente modificación de créditos por transferencia
4 Expediente de modificación de créditos por xeración
2 Certificado dixital Interventor
2 Licenza de animais potencialmente perigosos
3 Permiso para realización de festas ao aire libre
12 Primeiras alegacións ordinario expediente sancionador de tráfico
2 Arquivo expediente sancionador de tráfico
2 Resolución sancionadora tráfico
1 Resolución discrepancia aprobación gastos
1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
1 Aprobación oferta de emprego público 2024 e promoción interna
1 Pago taxa publicación anuncio DOG
1 Substitución posto de categoría superior
2 Declaración de excedencia voluntaria
3 Modificación de nomeamento por vacante
2 Nomeamento conserxe colexios
1 Pagamento plan de pensións
1 Avocación competencias
1 Adxudicación servizo Conciliatardes coa Infancia
2 Estimatoria rateo IVTM
3 Estimatoria pagos duplicados
1 Desestimatoria ICIO
1 Estimatoria IVTM
2 Estimatoria beneficios fiscais IAE
3 Estimatoria IAE
3 Estimatoria recibos
9 Estimatoria compensación debedas
4 Estimatoria IBI
9 Estimatoria liquidacións e baixas
41 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais IVTM
8 Estimatoria IVTNU
50 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
5 Pagos comisións bancarias
47 Orde de pago de facturas
1 Concesión de licenza de primeira ocupación
7 Ineficacia comunicación previa obras menores
43 Concesión comunicación previa obras menores
1 Denegación prórroga comunicación previa obras menores
44 Concesión licenza obras menores
3 Denegación licenza obras menores
12 Concesión licenza obras maiores
1 Denegación licenza obras maiores
7 Concesión comunicación previa apertura establecementos
2 Declaración ineficacia comunicación previa apertura establecementos
1 Concesión licenza de segregación
1 Denegación licenza de segregación
13 Deber de conservación

1 Orde de execución limpeza maleza
2 Sancionador actividades
1 Ampliación horario Nadal establecementos

TOTAL: 380

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202421223&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- EXAME, E TOMA DE DECISIÓN SOBRE AS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS ASÍ COMO SOBRE AS PROPOSTAS DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL II.10, REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS E I.E REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.- Dáse conta das propostas da Alcaldía do seguinte teor:

Dáse conta das propostas da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: ALEGACIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA Á APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL nº II.10 REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o 31 de outubro de 201524 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

Dito acordo foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 216 de 06.11.2024 para que durante un prazo de 30 días hábiles os interesados presentasen as reclamacións que estimasen convenientes.

O 13.11.2024, Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome e representación do grupo municipal de Esquerda Unida, presentou alegacións á aprobación inicial da ordenanza (rexistro de entrada WEB2024008511).

As alegacións presentadas polo Grupo Municipal de Esquerda Unida refírense, en síntese:

1. Ao incremento das tarifas aplicables. Solicita a conxelación da taxa, coas excepcións indicadas nos parágrafos seguintes.
2. Incremento da tarifas 3.1.a e 3.1.b, aplicables a Hoteis, moteis, residencias, pensións, fondas, casas de hóspedes, vivendas de uso turístico e demais establecementos análogos dedicados a hospedaxe. Proponse o incremento da tarifa mediante o establecemento dunha cota fixa á que se lle engadirá o cota aprobada inicialmente por habitación.
3. Engadir un novo apartado c) para as actividades contempladas no 3.2. Restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos. Proponse unha tarifa de 1.500 €/semestre para aqueles establecementos nos que os produtos se poidan recoller directamente dende un vehículo para o seu consumo fora do local.
4. Incrementar a tarifa 2.5. Bancos e caixas de aforros, pasando de 1.192 € anuais a 3.750 € anuais.

Considerando que, segundo se recolle no informe de tesourería, deberanse ter en conta as seguintes cuestións:

Primeiro.- En relación á solicitude de conxelación da taxa, unha das esixencias do artigo 11.3 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (LRSCEC) é que a taxa non sexa deficitaria. A isto debe engadirse a obriga recollida no artigo 24.2 do TRLRFL, de que o importe das taxas pola prestación de servizos non supere, no seu

conxunto, o custo real ou previsible do servizo.

Por outra banda, en atención ao disposto na LRSCEC terase en conta que o importe das reducións que se establezan de acordo coa normativa de residuos ou o TRLRFL non deberá repartirse entre o resto dos suxeitos pasivos, é dicir, a menor cota a satisfacer polo suxeito pasivo ao que se lle aplique unha redución non implica que o resto de suxeitos pasivos deban pagar unha maior cota equivalente. Deste xeito, una conxelación das tarifas, sobre todo as vivendas, suporía incrementar o resto das tarifas, para cubrir o custe do servizo, o cal resulta contrario ao disposto na LRSCEC.

Segundo.- En relación á solicitude de modificar determinadas tarifas en concreto (tarifas 3.1.a e 3.1.b, 3.2 e 2.5) debe terse en conta que a modificación das tarifas deberá estar avalada por un estudo técnico económico que xustifique o importe da taxa. No caso da ordenanza aprobada provisionalmente, e tal e como se recollía no informe técnico económico incorporado ao expediente, a modificación tarifaria susténtase en varias actuacións, xa que conxugando as tarifas existentes (que se simplifican nas cotas de actividades idénticas ou similares que aparecen con maior frecuencia no conxunto de datos que integran o padrón) e as variacións adoptadas para incorporar progresivamente os sistemas de pago por xeración, resultou a categorización proposta.

Así mesmo, en orde a equilibrar os ingresos e os gastos conforme ás normas e limitacións previamente expostas neste documento, reducindo o déficit do servizo, procédese a incrementar con carácter xeral as tarifas resultantes desta agrupación nun 22%.

Por último, sobre as tarifas mínimas reagrupadas adoptáronse medidas para incorporar progresivamente os sistemas de pago por xeración: considérase a superficie un elemento determinante do volume de residuos xerados polas actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras, polos restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos, polos colexios e centros de ensino e polas industrias, fábricas, cetarias, talleres mecánicos e navais e similares; e tamén se ten en conta que afectan á cantidade de residuos producidos por restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos o feito de que os produtos que comercialicen para o seu consumo no mesmo local sexan servidos en recipientes ou utensilios non reutilizables.

Esta medidas plásmanse no traballo elaborado por Noroeste Local SL, que colaborou concello para a reagrupación das tarifas e a cuantificación das modificacións propostas.

Considerando que as modificacións propostas neste escrito de alegacións non incorporan unha xustificación técnico-económica que sustente o seu incremento, e a súa consideración suporía un incremento arbitrario.

Considerando, en definitiva, que a filosofía e a imposición da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, non é que pague máis pola recollida do lixo quen máis ten, senón quen máis residuos xera, e que prohibe que o servizo sexa deficitario, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal Esquerda Unida contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais que foi obxecto de aprobación inicial en sesión plenaria ordinaria celebrada o 31.10.2024.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dentro do ano natural 2024, e serán de aplicación a partir do día 01/01/2025.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente a proposta da Alcaldía que comprende a desestimación das alegacións presentadas polo grupo político municipal de EU.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa desfavorablemente a proposta da Alcaldía e polo tanto está a favor da reclamación presentada polo grupo político municipal de EU.

En consecuencia queda informada favorablemente a proposta da Alcaldía e a desestimación da reclamación presentada polo grupo político municipal de EU.

- Auséntase Dona Marta Ferradáns Padín, sendo as 10:15 horas.

Na sesión plenaria sométese a votación a Proposta da Alcaldía, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía e:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal Esquerda Unida contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais que foi obxecto de aprobación inicial en sesión plenaria ordinaria celebrada o 31.10.2024.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dentro do ano natural 2024, e serán de aplicación a partir do día 01/01/2025.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Alegación presentada POR ANA M^a GRANJA GUILLÁN EN NOME E REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR á APROBACIÓN INICIAL DA modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

Dito acordo foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 216 de 06.11.2024 para que durante un prazo de 30 días hábiles os interesados presentasen as reclamacións que estimasen convenientes.

O 18.12.2024, Ana Granja Guillán, en nome e representación do grupo municipal de Esquerda Unida, presentou alegacións á aprobación inicial da ordenanza (registro de entrada WEB2024009557).

As alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular refírense, en síntese:

1. Ao incumprimento do principio de pago por xeración, por dous motivos: falla dunha mínima xustificación e motivación que poida soste o aumento da tarifa entre tramos en función das dimensións do inmovible, fuxindo doutras variables, e amplitude dos grupos tarifarios e falla dunha clasificación pormenorizada.
2. A previsión de ingresos pola taxa é superior ao seu custe efectivo, ao figurar na proposta da Concelleira un lixeiro superávit de 7.013,09 € e ao non computar a achega da Xunta de Galicia (60% do canon de SOGAMA para o 2025).

E solicita:

1. Refacer o cálculo para determinar o custe real do servizo tendo en conta a bonificación da Xunta de Galicia.
2. Anular e deixar sen efecto o artigo 5 (tarifas) presentado un novo cadro de tarifas que se axuste a cubrir o custe real do servizo, tendo en conta o principio de xeración de residuos.

Primeiro.- Incumprimento do principio de pago por xeración.

A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (LRSCEC) incorpora os denominados sistemas de pago por xeración. O Preámbulo da mesma indica que se trata de taxas que deberían tender ao pago por xeración. O artigo 11.3 impón a necesidade de que a taxa ou PPNT sexa compatible con este tipo de sistemas, os cales permiten definir o seu importe en función da cantidade e o tipo de residuo xerado. Neste senso, o documento «Cuestións relevantes en relación co establecemento e a xestión da taxa local de residuos sólidos urbanos» establece unha importante matización: non debe interpretarse como a obrigación taxativa de esixir unha taxa totalmente individualizada para cada suxeito pasivo, senón de incorporar progresivamente este tipo de sistemas. É dicir, esixe ás entidades locais incorporar gradualmente elementos que teñan en conta o comportamento dos cidadáns na xeración de residuos. A modo de exemplo, o documento recolle tres sistemas de pago por xeración que serían admisibles: elemental, medio e avanzado.

Tanto a cota única do sistema elemental, como a cota básica dos sistemas medio e avanzado poderán fixarse en función de parámetros de carácter obxectivo: no caso dos residuos domésticos, a tipoloxía ou uso catastral do inmovible, o número de residentes no mesmo, o valor catastral, a súa superficie ou a súa localización; e para os residuos de actividades económicas, o tipo de actividade, superficie ou localización do inmovible, entre outros.

A presente ordenanza adáptase a un sistema elemental no que se establecen beneficios fiscais pola adscrición a un programa de compostaxe comunitario ou individual ou pola utilización do colector de biorresíduos, tamén se condicionan a totalidade das reducións aplicables á tarifa ao feito de que os suxeitos pasivos solicitantes estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal e, por último, considérase a superficie un elemento determinante do volume de residuos xerados polas actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras, polos restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos, polos colexios e centros de ensino e polas industrias, fábricas, cetarias, talleres mecánicos e navais e similares. Tamén se considera determinante no volume de residuos producidos por restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos o feito de que os produtos que comercialicen para o seu consumo no mesmo local sexan servidos en recipientes ou utensilios non reutilizables, xa que indubidablemente xeran un volume de residuos moito máis elevado.

A superficie considerouse un elemento determinante do volume de residuos xerados unicamente no caso de actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras, polos restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos, polos colexios e centros de ensino e polas industrias, fábricas, cetarias, talleres mecánicos e navais e similares, xa que unha maior capacidade de usuarios, clientes ou produción determinará, a priori, un maior volume de residuos.

Considerando que na actualidade o Concello de Vilagarcía de Arousa non ten sistemas de medición dos residuos xerados por cada tipo de actividade económica empregouse exclusivamente a superficie no caso puntual dunha serie de actividades.

Segundo.- Previsión de ingresos pola taxa superior ao seu custe efectivo.

Unha das esixencias do artigo 11.3 da LRSCEC é que a taxa non sexa deficitaria. A isto debe engadirse a obriga recollida no artigo 24.2 do TRLRFL, de que o importe das taxas pola prestación de servizos non supere, no seu conxunto, o custo real ou previsible do servizo.

No informe asinado polo Interventor accidental o 24.10.2024 incorpórase, como custe estimado para 2025, o tratamento de residuos por importe de 1.261.906,20 €. Para elo, considerouse o promedio de toneladas producidas por mes nos anos 2021 a 2024 e o canon aprobado pola Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático para o período xullo-décembro de 2024 (88,05 € por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, segundo o publicado no DOGA do 23.07.2024).

A bonificación no canon de tratamento de residuos no 2025, aplicaríase sobre un prezo superior (108 €/tonelada) ao considerado no estudo dos custes estimados (88,05 €/tonelada) o que

determinaría un incremento do gasto para o Concello no 2025 (95 €/tonelada), non unha minoración. En todo caso, a aplicación da bonificación estará supedita ao cumprimento dunha serie de condicións que actualmente non se pode afirmar que se vaian a cumprir dado que dependerán tamén da correcta xestión dos residuos pola cidadanía.

Con respecto ao beneficio de 7.013,09 € ao que fai referencia tanto a proposta dos concelleiros como o informe técnico económico, xa se indicou neste último que o documento «Cuestións relevantes en relación co establecemento e a xestión da taxa local de residuos sólidos urbanos» elaborado por representantes do Ministerio de Facenda, o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que pretende ser unha guía para facilitar ás entidades locais a regulación, xestión e aplicación desta figura, matiza que o feito de que a taxa non sexa deficitaria debe interpretarse como o necesario cumprimento dun principio e non como a imposición aos concellos dunha absoluta precisión na cobertura dos custos do servizo.

Ademais, tamén se fixo constar, que en canto á previsión de ingresos do padrón que se deriva da nova ordenanza, a experiencia previa desta administración indica que é plausible unha minoración do 5% nos ingresos esperados unha vez que se proceda á depuración de devandito novo padrón tras a súa exposición pública. Esa posible minoración determinaría que a taxa fose levemente deficitaria.

En base ao exposto, e considerando que, á medida que se vaian implantando e mellorando os sistemas que permitan determinar minimamente a cantidade de residuos producidos por cada categoría de usuarios e que se finalice a redacción da ordenanza reguladora do servizo, iranse axustando as tarifas previstas na ordenanza fiscal, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dentro do ano natural 2024, e serán de aplicación a partir do día 01/01/2025.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente a proposta da Alcaldía que comprende a desestimación das alegacións presentadas polo grupo político municipal do PP.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan desfavorablemente a proposta da Alcaldía, e polo tanto manifestanse a favor da reclamación presentada polo grupo político municipal do PP.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Proposta da Alcaldía e a desestimación das alegacións presentadas polo grupo político municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación a Proposta da Alcaldía, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía e:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dentro do ano natural 2024, e serán de aplicación a partir do día 01/01/2025.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DO ALCALDE DE MODIFICACIÓN PARCIAL DA ORDENANZA FISCAL nº II.10 REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

Dito acordo foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 216 de 06.11.2024 para que durante un prazo de 30 días hábiles os interesados presentasen as reclamacións que estimasen convenientes.

Considerando que no artigo 6 da Ordenanza establécense unha serie de beneficios fiscais para cuxa aplicación deberase ter en conta o disposto na Ordenanza reguladora do servizo, e á vista de que a día 1 de xaneiro non vai a estar aprobada a dita ordenanza, propónse a engadir á ordenanza aprobada inicialmente a seguinte disposición adicional:

En tanto non se aprobe a Ordenanza reguladora do servizo, os beneficios fiscais previstos no artigo 6 desta ordenanza rexeranse polo seguinte:

1. Os beneficios fiscais producirán efecto no exercicio seguinte ao da súa solicitude. Excepcionalmente, no ano 2025 producirán efecto aqueles beneficios fiscais concedidos que se tiveran solicitado ata o 28.02.2025.
2. O beneficio aplicaráselle aos suxeitos pasivos que depositen os biorresiduos xerados na vivenda de empadramento no centro de compostaxe comunitaria, nun composteiro doméstico (propio ou cedido polo Concello) ou nun colector marrón de recollida separada de biorresiduos e que estean adheridos a un dos programas de xestión de biorresiduos impulsado polo Concello.
3. Os negocios ou empresas, que produzan biorresiduos na súa actividade, adheridos ao programa de compostaxe comunitaria, compostaxe individual ou colector marrón de recollida separada de biorresiduos.
4. No caso da compostaxe comunitaria será obrigado que a vivenda de empadramento ou negocio produza os biorresiduos nas zonas próximas a algún dos Centros de Compostaxe instalados no municipio (radio máximo duns 250 metros).
5. No caso de compostaxe doméstica, os predios asociados a vivendas ou negocios que non dispoñan de parcela poderán ser usados como áreas de compostaxe, sempre que se atopen dentro do termo municipal. Nestes casos, o beneficio fiscal aplicaráselle, no caso de vivendas, ao recibo correspondente ao lugar de empadramento e, no caso de negocios ou empresas, ao recibo asociado ao enderezo no que se realice a separación de biorresiduos.
6. Para que resulten de aplicación calquera destes beneficios, a persoa participante ou que se adhira ao programa deberá aceptar as labores de seguimento e control do persoal técnico autorizado.
7. En ningún caso se bonificarán fincas, alpendres, garaxes ou outros que non sexan vivendas ou negocios con produción de biorresiduos. Estes beneficios unicamente se aplicará ao recibo correspondente ao lugar de empadramento e, no caso de negocios ou empresas, ao recibo asociado ao enderezo no que se realice a separación de biorresiduos.
8. No caso de que o local ou vivenda sexa ocupado por persoa física ou xurídica distinta do

propietario/a, a persoa usuaria beneficiaria do servizo será o suxeito pasivo contribuínte e o propietario o suxeito pasivo substituto, debendo xustificarse documentalmente (contrato de arrendamento ou de cesión de uso) que o inquilino asume o pago de recibo.

Considerando que a filosofía e a imposición da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, é que pague máis pola recollida de residuos quen máis residuos xera, detectouse un erro na redacción do artigo 5. b) relativo ás reducións. Onde dí “No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa” deberá dicir “No caso de que a vivenda pertenza a unha familia monoparental”

Polo exposto, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Incorporar a seguinte disposición adicional aos únicos efectos de poder aplicar xa no 2025 os beneficios fiscais previstos no artigo 6 da Ordenanza:

Disposición Adicional

En tanto non se aprobe a Ordenanza reguladora do servizo, os beneficios fiscais previstos no artigo 6 desta ordenanza rexeranse polo seguinte:

1. Os beneficios fiscais producirán efecto no exercicio seguinte ao da súa solicitude. Excepcionalmente, no ano 2025 producirán efecto aqueles beneficios fiscais concedidos que se tiveran solicitado ata o 28.02.2025.
2. O beneficio aplicaráselle aos suxeitos pasivos que depositen os biorresiduos xerados na vivenda de empadramento no centro de compostaxe comunitaria, nun composteiro doméstico (propio ou cedido polo Concello) ou nun colector marrón de recollida separada de biorresiduos e que estean adheridos a un dos programas de xestión de biorresiduos impulsado polo Concello.
3. Os negocios ou empresas, que produzan biorresiduos na súa actividade, adheridos ao programa de compostaxe comunitaria, compostaxe individual ou colector marrón de recollida separada de biorresiduos.
4. No caso da compostaxe comunitaria será obrigado que a vivenda de empadramento ou negocio produza os biorresiduos nas zonas próximas a algún dos Centros de Compostaxe instalados no municipio (radio máximo duns 250 metros).
5. No caso de compostaxe doméstica, os predios asociados a vivendas ou negocios que non dispoñan de parcela poderán ser usados como áreas de compostaxe, sempre que se atopen dentro do termo municipal. Nestes casos, o beneficio fiscal aplicaráselle, no caso de vivendas, ao recibo correspondente ao lugar de empadramento e, no caso de negocios ou empresas, ao recibo asociado ao enderezo no que se realice a separación de biorresiduos
6. Para que resulten de aplicación calquera destes beneficios, a persoa participante ou que se adhira ao programa deberá aceptar as labores de seguimento e control do persoal técnico autorizado.
7. En ningún caso se bonificarán fincas, alpendres, garaxes ou outros que non sexan vivendas ou negocios con produción de biorresiduos. Estes beneficios unicamente se aplicará ao recibo correspondente ao lugar de empadramento e, no caso de negocios ou empresas, ao recibo asociado ao enderezo no que se realice a separación de biorresiduos.
8. No caso de que o local ou vivenda sexa ocupado por persoa física ou xurídica distinta do propietario/a, a persoa usuaria beneficiaria do servizo será o suxeito pasivo contribuínte e o propietario o suxeito pasivo substituto, debendo xustificarse documentalmente (contrato de arrendamento ou de cesión de uso) que o inquilino asume o pago de recibo.

SEGUNDO.- Modificar o artigo 5. b) relativo ás reducións por conter un erro. Onde dí “No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa” deberá dicir “No caso de que a vivenda pertenza a unha familia monoparental”

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente a proposta da Alcaldía.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía de modificación parcial da Ordenanza Fiscal II.10 Reguladora da Taxa pola Recollida e Xestión dos Residuos Municipais, no artigo 6 e 5.b).

Na sesión plenaria sométese a votación a Proposta da Alcaldía, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía e:

PRIMEIRO.- Incorporar a seguinte disposición adicional aos únicos efectos de poder aplicar xa no 2025 os beneficios fiscais previstos no artigo 6 da Ordenanza:

Disposición Adicional

En tanto non se aprobe a Ordenanza reguladora do servizo, os beneficios fiscais previstos no artigo 6 desta ordenanza rexeranse polo seguinte:

1. Os beneficios fiscais producirán efecto no exercicio seguinte ao da súa solicitude. Excepcionalmente, no ano 2025 producirán efecto aqueles beneficios fiscais concedidos que se tiveran solicitado ata o 28.02.2025.
2. O beneficio aplicaráselle aos suxeitos pasivos que depositen os biorresiduos xerados na vivenda de empadramento no centro de compostaxe comunitaria, nun composteiro doméstico (propio ou cedido polo Concello) ou nun colector marrón de recollida separada de biorresiduos e que estean adheridos a un dos programas de xestión de biorresiduos impulsado polo Concello.
3. Os negocios ou empresas, que produzan biorresiduos na súa actividade, adheridos ao programa de compostaxe comunitaria, compostaxe individual ou colector marrón de recollida separada de biorresiduos.
4. No caso da compostaxe comunitaria será obrigado que a vivenda de empadramento ou negocio produza os biorresiduos nas zonas próximas a algún dos Centros de Compostaxe instalados no municipio (radio máximo duns 250 metros).
5. No caso de compostaxe doméstica, os predios asociados a vivendas ou negocios que non dispoñan de parcela poderán ser usados como áreas de compostaxe, sempre que se atopen dentro do termo municipal. Nestes casos, o beneficio fiscal aplicaráselle, no caso de vivendas, ao recibo correspondente ao lugar de empadramento e, no caso de negocios ou empresas, ao recibo asociado ao enderezo no que se realice a separación de biorresiduos
6. Para que resulten de aplicación calquera destes beneficios, a persoa participante ou que se adhira ao programa deberá aceptar as labores de seguimento e control do persoal técnico autorizado.
7. En ningún caso se bonificarán fincas, alpendres, garaxes ou outros que non sexan vivendas ou negocios con produción de biorresiduos. Estes beneficios unicamente se aplicará ao recibo correspondente ao lugar de empadramento e, no caso de negocios ou empresas, ao recibo asociado ao enderezo no que se realice a separación de biorresiduos.
8. No caso de que o local ou vivenda sexa ocupado por persoa física ou xurídica distinta do propietario/a, a persoa usuaria beneficiaria do servizo será o suxeito pasivo contribuínte e o propietario o suxeito pasivo substituto, debendo xustificarse documentalmente (contrato de arrendamento ou de cesión de uso) que o inquilino asume o pago de recibo.

SEGUNDO.- Modificar o artigo 5. b) relativo ás reducións por conter un erro. Onde dí “No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa” deberá dicir “No caso de que a vivenda pertenza a unha familia monoparental”

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Alegación presentada POR ANA Mª GRANJA GUILLÁN EN NOME E REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR á APROBACIÓN INICIAL DA modificación da Ordenanza Fiscal nº I.3 REGULADORA do imposto sobre construcións, instalacións e obras Na sesión plenaria ordinaria celebrada o 31 de outubro de 201524 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Dito acordo foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 216 de 06.11.2024 para que durante un prazo de 30 días hábiles os interesados presentasen as reclamacións que estimasen convenientes.

O 18.12.2024, Dna. Ana Granja Guillán, actuando en nome e representación do Grupo Municipal do Partido Popular, presentou alegacións á aprobación inicial da ordenanza (registro de entrada WEB2024009558).

As alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular refírense, en síntese á solicitude de non incrementar o tipo de gravame e o mantemento no tipo de gravame do 3,23% á creación de novos beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras. Do literal do escrito presentado dedúcese que as alegacións supoñen unha redacción dunha nova proposta, alternativa á presentada polo Alcalde ao Pleno. O non incremento do tipo de gravame e deixaría practicamente sen sentido a modificación da ordenanza, xa que constitúe o punto relevante da mesma. E os novos beneficios fiscais supoñen unha nova proposta, totalmente diferente á sometida a votación. Podería considerarse, polo tanto, que non é unha alegación propiamente dita, senón que tería mellor encaixe nun método máis institucional de participación que sería utilizar os mecanismos que prevé o propio Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais para o funcionamento dos órganos colexiados, como unha proposición, un voto particular ou unha emenda.

Polo exposto, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras que foi obxecto de aprobación inicial en sesión plenaria ordinaria celebrada o 31.10.2024.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dentro do ano natural 2024, e serán de aplicación a partir do día 01/01/2025.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente a proposta da Alcaldía que comprende a desestimación das alegacións presentadas polo grupo político municipal do PP.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan desfavorablemente a proposta da Alcaldía, e polo tanto mostranse a favor da reclamación presentada polo grupo político municipal do PP.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Proposta da Alcaldía e que comprende a desestimación das alegacións presentadas polo grupo político municipal do PP.

Na sesión plenaria presentase pola voceira do grupo político municipal unha emenda de adición relativa ao artigo 4 do ICIO seguinte:

Artigo 4:

1.- A solicitude do interesado, a Xunta de Goberno Local, previo informe dos técnicos municipais, poderá aplicar unha bonificación de ata un 50% na base impoñible das seguintes obras:

- a) Obras de modernización de pequenos e medianos comercios, así como nas de rehabilitación de fachadas e tellados de edificacións.
- b) Obras de ampliación, construción e traslado de empresas, sempre que sexan xeradoras de novos postos de traballo. Neste último caso a bonificación na súa porcentaxe máis ampla, preferentemente ás industrias que se localicen en solo industrial cualificado ó efecto.
- c) Obras de rehabilitación e renovación de vivendas que se atopen baleiras e se vaian destinar ao aluguer de vivenda habitual.
- d) Obras de mellora de eficiencia enerxética na que se reduce un 10% o consumo de enerxía primaria non renovable ou mellora da insonorización en vivendas. Neste caso, incluírase o cambio de fiestras, radiadores, etc.
- e) Obras de insonorización realizadas en locais, tales como, colocación de illamento acústico, cambio de fiestras, etc..., sempre que, tras a obra, reduzan en un 15% os ruídos emitidos.

Na sesión plenaria sométese a votación a Proposta da Alcaldía, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2), unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) e oito votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a proposta da Alcaldía e:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras que foi obxecto de aprobación inicial en sesión plenaria ordinaria celebrada o 31.10.2024.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dentro do ano natural 2024, e serán de aplicación a partir do día 01/01/2025.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202421223&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA AVDA. RODRIGO DE MENDOZA, ESQUINA RÚA RAMÓN CABANILLAS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 19 de decembro de 2024, do seguinte teor:

- Auséntase a Sra. Abalo Pérez.

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA AO PLENO

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ESTUDO DE DETALLE PARA REORDENACIÓN DE VOLUMES EN PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 9859801NH1195N0001HG SITA NA AVENIDA RODRIGO DE MENDOZA S/N ESQUINA RÚA RAMÓN CABANILLAS, VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA). (R.U. 266), promovido por D. Carlos Berride Abalo, actuando en nome e representación de ORV Contrataciones de Galicia, S.L. EXPEDIENTE P/2024/2.

Por Don Carlos Berride Abalo, actuando en nome e representación da mercantil “ORV, Contrataciones de Galicia, S.L”, presentouse en data 10 de abril de 2024 telemáticamente (WEB 2021000319 do 17.01.2023 Estudio de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9859801NH1195N0001HG sita na Avenida Rodrigo de Mendoza s/n esquina Rúa Ramón Cabanillas, redactado polo arquitecto D. Carlos Berride Abalo, así como documentación de acreditación da representación e demais documentación administrativa.

O obxectivo do Estudo de Detalle segundo se indica no apartado 1.4º do mesmo é a reordenación de volumes, reordenación que ven motivada pola modificación do cauce do río realizada por Augas de Galicia, o que fixo necesario reaxustar as aliñacións para respectar a zona de servidume de 5 metros; o reaxuste afecta tamén ao Norte da parcela en aras a respectar a parcela dos colindantes e amortiguar a transición entre o sólido resultante da reordenación e a edificación colindante polo Norte. Deste modo o volume e aproveitamento resultante é caseque igual (realmente un pouco menor) ao previsto na cartografía do PXOM.

Co Estudo de Detalle dáse cumprimento ao previsto no Art. 79.2 LSG, tal e como se constata nos informes técnico e xurídico previos a súa aprobación inicial.

Conforme ao artigo 80 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os artigo 186 e ss. do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, os tramites seguidos neste expediente son:

- Aprobación inicial polo órgano municipal competente, en data 19.07.2024. Consta informe favorable técnico de data 16.05.2024 e 2.08.2021 e informe xurídico favorable de data 27.05.2024.
- Información pública polo prazo mínimo de un mes, mediante publicación no DOG nº 140 de data 19.07.2024, en un dos xornais de maior circulación na provincia (La Voz de Galicia, de data 19.07.2024)
- Certificado emitido pola Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de data 5.09.2024, no que se sinala que, finalizado o prazo de exposición ao público non constan presentadas alegacións ou reclamación no rexistro municipal.
- Informe favorable Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia de data 6.10.2024.
- Informe favorable do organismo AUGAS DE GALICIA de data 30.09.2024
- Informe favorable do arquitecto municipal á aprobación definitiva do estudio de detalle de data 21.11.2024
- Informe xurídico favorable á aprobación definitiva do estudio de detalle de data 28.11.2024.

Á vista dos antecedentes propónse ao pleno como órgano competente en aplicación do artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte

A C O R D O:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9859801NH1195N0001HG sita na Avenida Rodrigo de Mendoza s/n esquina Rúa Ramón Cabanillas, redactado polo arquitecto D. Carlos Berride Abalo, asinado dixitalmente en data

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 82.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro: Publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas, de conformidade co disposto no artigo 82.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Cuarto: Remitir o expediente en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital
O Alcalde-Presidente
Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e, BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Estudo de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9859801NH1195N0001HG sita na Avenida Rodrigo de Mendoza s/n esquina Rúa Ramón Cabanillas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7), PP (8) e BNG (2) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9859801NH1195N0001HG sita na Avenida Rodrigo de Mendoza s/n esquina Rúa Ramón Cabanillas, redactado polo arquitecto D. Carlos Berride Abalo, asinado dixitalmente en data

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 82.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro: Publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas, de conformidade co disposto no artigo 82.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Cuarto: Remitir o expediente en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

- Regresa a Sra. Abalo Pérez.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202421223&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser

tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202421223&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, RELATIVA Á PROTECCIÓN DO ANTIGO ASILO HOSPITALILLO DE VILA JANER.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 19 de decembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 5 de decembro de 2024, do seguinte teor:

Moción relativa á protección do antiago Asilo Hospitalillo de Vilá Janer

Don Francisco Xabier Rodríguez Paz, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da Corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En semanas pasadas leváronse a cabo medidas urxentes e operacións de sinalización afectando ao tránsito peonil e ao tráfico rodado da Praza da Constitución, ante o risco de derrubamento que presentaba o edificio do antigo Asilo Hospitalillo de Vilá Janer tras décadas de deterioro e inacción para paliar o mesmo.

O 26 de novembro, fomos testemuñas da retirada, por parte duns operarios, do tellado do edificio descoñecendo a intención desta medida, e agardando que isto non sexa o preludio da desaparición dun elemento máis a engadir á longa lista de edificacións desaparecidas na cidade cunha vinculación históricoartística e patrimonial.

En 1892, Dña. Luisa Vilá Janer, viúva do no seu día alcalde de Vilagarcía de Arousa José Bargés, propuña no seu testamento a construción dun Asilo Hospitalillo na súa propiedade, sita no que hoxe é a Praza da Constitución. O edificio rematouse de construír no ano 1897, pero non foi ata o ano 1898 cando tras un atraso, por preitos testamentarios, pasou a inaugurarse entrando nel as primeiras persoas usuarias.

No ano 1920 experimentou unha ampliación, ao quedarse pequeno o edificio orixinal, construíndose outra edificación anexa doada por Dña. Segunda Rey Barreiro. Finalmente, tras moitas vicisitudes, en 1985 a propiedade transformárase completamente coa construción do novo asilo da Divina Pastora e a creación dunha Fundación, tal como hoxe a coñecemos, manténdose ao pé da rúa as edificacións orixinais, as cales foron vítimas da desidia e abandono por parte da propiedade.

Polo tanto, estamos falando dun edificio de máis de cen anos de antigüidade, ligado ademais á historia do noso concello, que precisa ser considerado como un ben patrimonial a conservar, e dotalo da correspondente protección, implicando ás dúas administracións e órganos que teñen competencia sobre esta cuestión: Concello e Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza.

A nivel arquitectónico, o edificio presenta un estilo ecléctico e característico das vilas galegas de finais do século XIX e comezos do XX, construcións das que apenas quedan mostras na nosa cidade.

Curiosamente, a maioría dos edificios desa mesma época e estilo arquitectónico están incluídos no Catálogo de Edificios e Elementos a conservar do actual PXOM. Como valor a engadir, podemos dicir, ademais, que foi construído por D. Manuel Pereiro Caeiro, un dos técnicos máis reputados da súa época, o cal coma contratista tamén levou a cabo a construción do antigo edificio do Concello, ou a hoxe coñecida coma Praza da Peixería de Vilagarcía.

Contrasta o celo da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza, á hora de permitir realizar actuacións en edificios que agora mesmo se atopan paralizados sen poder dotalos de usos sociais, como é o caso da Casa Jaureguizar, desinterés mostrado por dito organismo cara ao edificio do Asilo Hospitalillo ao restarlle importancia, pese aos informes técnicos emitidos, á súa conservación e protección.

É preciso que dende as administracións responsábeis, neste caso Concello e Xunta de Galiza, se leven a cabo as actuacións oportunas par ao seu mantemento e conservación. Agardamos que a actuación sobre o tellado dispoña dos oportunos permisos de obra, e non sexa preludio dunhas intencións nada claras por parte do Padroado, nas que unha vez máis, como tantas outras, o afán especulativo se materialice fatalmente coa demolición da construción.

De non ser así, se se permitise a demolición total do edificio, estaríase sendo cómplice dun verdadeiro atentado contra o noso patrimonio histórico, antepoñéndose a cultura do ladrillo ás cada vez máis escasas mostras de identidade da nosa cidade que fican en pé.

Por todo iso, é polo que solicitamos a adopción do seguinte ACORDO:

- Que se inclúa o edificio no Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar do actual PXOM do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Que se inste á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza a catalogar e dotar de protección ao edificio, a acreditarse o valor cultural do ben.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego, relativa á protección do antigo Asilo Hospitalillo de Vila Janer.

- Incorporase á sesión Dona Marta Ferradáns Padín, sendo as 11:30 horas.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP para que se modifique o segundo punto da moción, co seguinte texto:

- Que se inste ao goberno local a realizar os trámites necesarios para acreditar o valor de ben cultural do Asilo Hospitalillo de Vila Janer e, posteriormente, que se solicite á Xunta de Galicia a súa inclusión no Catalogo de Patrimonio Cultural de Galicia.

Polo grupo político municipal do BNG propónse a seguinte redación ao punto segundo da moción:

- Que se inste ao goberno local para reiterar o valor de ben cultural do Asilo Hospitalillo de Vila Janer e, posteriormente, que se solicite á Xunta de Galicia a súa inclusión no Catalogo de Patrimonio Cultural de Galicia.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa transacción da emenda presentada polo grupo político municipal do PP, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Que se inclúa o edificio no Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar do actual PXOM do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Que se inste ao goberno local para reiterar o valor de ben cultural do Asilo Hospitalillo de Vila Janer e, posteriormente, que se solicite á Xunta de Galicia a súa inclusión no Catalogo de Patrimonio Cultural de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202421223&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA MELLORA DO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 19 de decembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 16 de decembro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 23 de decembro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Mellora do mantemento e conservación das zonas verdes do Concello”

EXPOÑEN

O parque Enrique Valdés Bermejo, coñecido popularmente como O Castriño, é un dos maiores espazos verdes de Vilagarcía por extensión (12.000 metros cadrados) e pola riqueza e exotismo das especies que contén. É máis, trátase do parque de maior riqueza botánica de todo o municipio.

Ademais do gran valor histórico e ambiental que ofrece este parque, forma parte dunha zona ligada á mesma orixe de Vilagarcía e na que se atopa un dos xacementos arqueolóxicos máis importantes do noroeste peninsular: o Castro Alobre.

Todo iso fai do parque Enrique Valdés Bermejo e da súa contorna un enclave inigualable. Por iso, é necesario, que o parque conte cun mantemento e coidado continuo para ofrecer a súa mellor imaxe. Basta unha visita ao Castriño para certificar que o parque necesita certos arranxos e coidados como por exemplo, a colocación de bancos e papeleiras ou máis puntos de luz. Tamén vimos fai escasos meses que a vexetación descontrolada producía prexuízos nas vivendas colindantes da Rúa Vista Alegre, onde os seus propietarios reclamaban ao Concello unha actuación inmediata.

A situación de falta de mantemento do parque Enrique Valdés Bermejo non é única. Outras zonas verdes do Concello, como se fixeron eco os medios de comunicación, por exemplo Fontefría ou a zona dos molinos de Fonte da Coca, tamén necesitan que se realicen tarefas de mantemento para que a veciñanza e os visitantes poidan gozalos nas mellores condicións.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno Municipal a realizar de forma urxente as seguintes actuacións no parque Enrique Valdés Bermejo:

- a. Incrementar o número de papeleiras.
- b. Limpar e adecentar os bancos de madeira.
- c. Arranxar e/ou substituír os elementos de madeira ou ferro (varandas) que se atopan dañados.
- d. Mellorar e incrementar a instalación lumínica, de xeito acorde co entorno no que se atopa.

2. Instar ao goberno de Vilagarcía a realizar un plan extraordinario de limpeza e mantemento en todas as zonas verdes do municipio tales como, merendeiros de Fonte Fría, os molinos do parque Fonte da Coca, o parque Enrique Valdés Bermejo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP para mellora do mantemento e conservación das zonas verdes do Concello.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar ao Goberno Municipal a realizar de forma urxente as seguintes actuacións no parque Enrique Valdés Bermejo:

a. Incrementar o número de papeleiras.

b. Limpar e adecentar os bancos de madeira.

c. Arranxar e/ou substituír os elementos de madeira ou ferro (varandas) que se atopan dañados.

d. Mellorar e incrementar a instalación lumínica, de xeito acorde co entorno no que se atopa.

2. Instar ao goberno de Vilagarcía a realizar un plan extraordinario de limpeza e mantemento en todas as zonas verdes do municipio tales como, merendeiros de Fonte Fría, os molinos do parque Fonte da Coca, o parque Enrique Valdés Bermejo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241223&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 12:00 horas auséntase da sesión plenaria o D. Juan Manuel Fajardo Recouso.

8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241223&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241223&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241223&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241223&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241223&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaría, dou fe.